

Organismo: INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Capítulo:	-----
Epígrafe:	-----

SUMARIO:

ANUNCIO do 2 de setembro de 2024, da Mesa de Valoración da Área provincial do IGVS de Lugo, polo que se comunica a data do acto de poxa pública relativo ao procedemento de adxudicación, en réxime de compravenda ou alugueiro, de locais de negocio e prazas de garaxe propiedade deste instituto respecto aos inmobles sitos na provincia de Lugo

TEXTO:

O 9 de abril de 2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 69, a Resolución do 15 de marzo de 2024 pola que se anunciaba o procedemento de adxudicación, mediante poxa, en réxime de compravenda ou alugueiro, de locais de negocio e prazas de garaxe propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

De acordo co previsto na condición 10.2 do prego de condicións que regula o mencionado procedemento, así como no número 8 da citada Resolución do 15 de marzo de 2024, «O acto da poxa será público e a súa realización levarase a cabo no lugar, na data e na hora que se indique no anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia, así como na páxina web do IGVS: <http://igvs.xunta.es/web/igvs/350>».

Tendo en conta o anterior, faise público que a apertura das ofertas económicas e o acto de poxa pública terán lugar o día 23 de setembro de 2024, ás 13.00 horas, na sala de xuntas do edificio do Instituto Galego de Vivenda e Solo, na avenida Ramón Ferreiro, 28, de Lugo.

A eficacia desta notificación queda supeditada á súa publicación no taboleiro de edictos único (TEU) do *Boletín Oficial del Estado*.

Lugo, 2 de setembro de 2024

Presidente da Mesa de Valoración de Lugo

Alberto José López Díaz

